



CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

D^a VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

CERTIFICA:

Que a sra. alcaldesa, con data de 28 de maio de 2026, ditou a seguinte **RESOLUCIÓN** :

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: Adhesión ao Convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os Sistemas de Responsabilidade ampliada do produtor (SRAP), de residuos de envases domésticos de vidro dun só uso (2026/G003/000687)

EXPEDIENTE: 2026/A006/000003

Visto o Convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os Sistemas de Responsabilidade ampliada do produtor (SRAP) de residuos de envases autorizados, asinado en data 6 de agosto de 2025, e que establece os compromisos necesarios que permitan garantir a xestión dos residuos de envases domésticos de vidro dun só uso, de modo que poidan alcanzarse os obxectivos de reciclaxe e recollida establecidos na Lei 7/2022, de 8 de abril e no Real decreto 1055/2022, do 27 de decembro, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Vista a Resolución de alcaldía de data 6 de marzo de 2026 (Res. 273/2026) pola que se adjudica o servizo de recollida de residuos urbanos, limpeza viaria e xestión do punto limpo municipal no Concello de Teo.

En virtude do exposto, e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:



CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

Primeiro.- Solicitar a adhesión ao Convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os Sistemas de Responsabilidade ampliada do produtor (SRAP), de residuos de envases domésticos de vidro dun só uso, asinado en data 6 de agosto de 2025.

Segundo.- Asumir as responsabilidades inherentes á modalidade de xestión seleccionada, conforme as modalidades ofrecidas por cada SRAP para o cumprimento das súas obrigas, sendo a modalidade elixida a B (SRAP organiza parcialmente e financia).

Segundo.- Remitir a solicitude de adhesión á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, xunto coa documentación correspondente, para continuar co procedemento.

Terceiro.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

E para que así conste, expido e asino a presente, de orde e co visto e praxe da Sra. alcaldesa, en Teo na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A secretaria xeral

Virginia Fraga Díaz

Visto e praxe

A alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz